

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

MATRÍCULA CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA CURSO ESCOLAR 2025/2026

O alumnado que desexe cursar estudos no Conservatorio Profesional de Danza terá que formalizar a matrícula correspondente **do 11 ao 30 de xuño de 2026, ambos inclusive**.

- Todo o alumnado presentará a solicitude de matrícula segundo o modelo oficial.
- **Alumnado de novo ingreso:** para o pago da taxa por servizos no Conservatorio de Danza, o alumnado de novo ingreso debe presentar tamén o modelo de domiciliación do recibo. Este modelo ten que vir acompañado por un documento acreditativo tanto da titularidade da conta como da súa correcta identificación.
- **Alumnado matriculado o curso anterior:** o alumnado matriculado con anterioridade unicamente presentará a documentación bancaria no caso de modificación do número de conta bancaria ou cambio da persoa responsable, respecto ao curso anterior.

A taxa por servizos de danza consistirá nunha cota mensual, que será liquidada a mes vencido na conta facilitada durante o curso escolar, que abrangue desde o mes de setembro ata o mes de xuño, ambos os dous inclusive. A cota mensual non é fraccionable. As familias numerosas terán dereito a bonificación.

As baixas no Conservatorio de Danza comunicaranse por escrito á Deputación Provincial da Coruña e producirán efectos económicos a partir do mes seguinte ao que se presente a solicitude de baixa.

Os modelos oficiais serán facilitados en formato papel no Conservatorio Profesional de Danza, e estarán dispoñibles para cumprimentar en liña na Sede Electrónica da Deputación da Coruña e na ligazón da sección "Secretaría" apartado "Matrícula" da páxina web do centro, xunto coas indicacións necesarias para cumprimentar os datos do "apartado A" no caso de presentar a documentación bancaria.

Os modelos de solicitude de matrícula e domiciliación bancaria poderán presentarse, no prazo establecido:

A través da Sede Electrónica da Deputación da Coruña.

Na oficina do Rexistro Xeral do Pazo Provincial: Avenida Porto da Coruña, 2, 15003, A Coruña.

En calquera oficina á que fai referencia o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

INSTRUCCIÓNS PARA REALIZAR A MATRÍCULA

- **Telemática:** acceso con Cl@ve mobil, DNle, certificado electrónico, Cl@ve PIN o Cl@ve permanente. A través da Sede electrónica da Deputación da Coruña, onde terán dispoñibles os modelos necesarios de matrícula e domiciliación bancaria para cumprimentar en liña: <https://sede.dacoruna.gal>



→ "Solicitude de matrícula no Conservatorio de Danza"

- **Presencial:** na oficina de Información e Rexistro da Deputación da Coruña, na Avenida do Porto, 2 – A Coruña, de luns a venres en horario de mañá. Teléfono de contacto 981 415 000.

Na oficina de rexistro deberán presentar cumprimentados os impresos oficiais indicados.